

a) *Que diferenzas atopades entre estas dúas curtametraxes e o relato no que se basean?*

A primeira curtametraxe non é practicamente nada fiel ao relato, o único que mantiveron foi a data na que acontece a acción, o 17 de maio, e a conversa con Castelao (aínda que participan personaxes distintas ás orixinais), e aínda así fixeron que Castelao viñese dun concerto de Kurt Cobain en lugar de dicir que lle gustan os Rolling Stones, cambio que me pareceu totalmente innecesario.

Pola outra banda, a segunda é unha moi boa adaptación en canto ao guión, e as únicas diferenzas que hai entre esta e o relato no que se basea son pequenos detalles que non influen na trama en si, como que a profesora nesta versión non di ao seus alumnos que baixen as persiás.

b) *De que forma o autor consegue introducir o humor no relato?*

Consegue introducilo ao romper mediante a conversa con Castelao, na que se fai ver a este autor e mais a Rosalía como persoas do común, a tensión creada a través do discurso da profesora (*"Invocaaaaamos o espíritooooo deee Daniel Alfonso Rodríguez Castelaaaaaoooo... Invocámoste, paaaaai da paaaaatria, invocáaaaamoste, luz da Gaaaaaliza, faaaaaro da nazooooón de Breogáaaan. Ven con nóooooos ao noso cíuculo de irmandaaaade, veeeen á noooosa teeeerra."*)

c) *Por que cres que se poñen en contacto con Castelao e non con outra persoa calquera?*

Porque Castelao é considerado a figura máis importante da cultura galega do século XX ao ser un intelectual comprometido coa terra e co país, ademais de reunirse nel as facetas de narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político.

d) *Que imaxe tes ti de Castelao?*

A verdade é que eu imaxínoo simplemente como unha persoa sinxela e humilde, tal e como o presentan no relato, mais cun amplo coñecemento tanto da política como da cultura e paisaxe galegos. Tamén paréceme que debía de ser unha persoa coa que valía pena debater, pois parece ser moi razoable, ou polo menos iso me transmite a súa cita: *"Fíxenme médico por amor ao meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade"*. Non obstante, ao escoitar ou ler o seu nome á miña mente vén unha imaxe del de costas, debuxando no seu escritorio e con cheo de diversos documentos e libros.